

Que ofrecemos?

1/ Acolida, asistencia e protección: atención de urxencia, cobertura de necesidades básicas (alimentación, vivenda de protección) e seguridade.

2/ Asesoramento xurídico sobre dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos diversos (denuncia e proceso xudicial, protección, residencia, reagrupación familiar, procesos penais e administrativos, etc.)

3/ Atención social por medio dun itinerario personalizado que acompañe á muller no seu proceso de restablecemento. Xestións sociais e de axudas, trámites persoais e cos fillos/as.

4/ Atención sanitaria: acceso á asistencia sanitaria, programa de saúde en colaboración co SERGAS, proba rápida de VIH e Hepatite C e métodos de protección de ITS.

5/ Atención psicolóxica, para abordar posibles trastornos emocionais e/ou condutuais, a vítimas de trata e violencia de xénero e aos seus fillos/as.

6/ Orientación laboral a través de itinerarios personalizados. Formación, dirixida á inserción laboral e á mellora da calidade de vida das persoas participantes, en:

- Habilidades sociais e laborais.
- Ferramentas de busca e mantemento do emprego.
- Talleres formativos.

7/ Contacto e detección de mulleres vítimas de explotación sexual.



Teléfono: 982 251 948 / 655 395 940

Email: muller@aliad.org

Rúa Milagrosa 99-101/entrechán
27003, Lugo

Horario de atención ao público
De luns a venres — 9:00 a 15:00
De luns a xoves — 16:00 a 20:00



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD



Aliadas

Programa de
atención a vítimas de
violencias machistas



Teléfono: 982 251 948 / 655 395 940

Email: muller@aliad.org

Quen somos ?

Aliad Ulteira é unha ONG con máis de 40 anos de traxectoria no eido social. Dende unha perspectiva de dereitos e de xénero, traballa acompañando a persoas ao longo dun itinerario personalizado co fin de mellorar a súa calidade de vida.

Programa Aliadas

É un programa de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero nas súas múltiples manifestacións (física, psicolóxica, sexual, económica e social) ofrecendo unha resposta integral ás vítimas.

Dentro deste programa configúranse dous proxectos dirixidos a mulleres vítimas de violencias machistas:

- Mulleres migrantes vítimas de violencias de xénero
- Mulleres prostituídas (trata e/ou explotación sexual)

Proxecto Senlleiras. Atención a mulleres vítimas de violencia de xénero

O obxectivo é detectar e dar resposta ás violencias machistas no colectivo migrante.

A situación de irregularidade administrativa e o descoñecemento dos recursos fan que as mulleres migrantes sexan un colectivo máis vulnerable de sufrir as desigualdades e violencias polo feito de ser muller.

Aliad-Ulteira dispón dun recurso integral de apoio ás mulleres ao longo de itinerarios individualizados e flexibles, contando cunha equipa de profesionais especialistas en violencia de xénero que implementan, acompañan e xestionan o acceso a recursos e dereitos sociais tales como a seguridade, vivenda, atención xurídica, apoio psicolóxico, xestión de axudas e recursos...

Unha das principais potencialidades deste programa é o acompañamento á muller desde que se detecta a violencia, pasando pola denuncia e asistencia no Xulgado ata o seu restablecemento.

Proxecto Donas. Atención a vítimas de trata e/ou explotación sexual

Desde o 2010, Aliad ten un forte compromiso contra unha das peores formas de violencia de xénero: a trata e/ou explotación sexual. Este programa orientase a atención integral e á defensa e garantía dos dereitos das mulleres prostituídas.

Trabállase na identificación de vítimas nos espazos de exercicio da prostitución e pretende dar unha cobertura integral ofrecendo aloxamento e atención especializada de carácter xurídico, social, psicolóxico, sociosanitario e de orientación laboral.

¿Que é a trata con fins de explotación sexual?

A trata é a captación, traslado e acollida de persoas co fin de explotalas. Neste caso de mulleres e/ou nenas para a explotación sexual.

Na explotación sexual o consentimento é irrelevante. Non só o uso da forza ou o rapto son condicións de trata sexual, tamén o fraude, o engano, o abuso de poder, o abuso dunha situación de vulnerabilidade (pobreza, condicións familiares, conflitos armados, etc.) ou pagos para obter o consentimento dunha persoa que teñan autoridade sobre outra (UNODC, 2009)

Como detectar a unha muller vítima de trata con fins de explotación sexual?

Aínda que a súa identificación non sexa doada xa que moitas veces atópanse illadas nos lugares nos que son explotadas sexualmente, é posible, que no marco dos nosos traballos nos atopemos con mulleres que poidan mostrar certos indicios que na súa confluencia nos poñan en alerta da posibilidade de que estea a ser explotada sexualmente:

- Situación complicada en orixe (económica, familiar, social, conflitos bélicos, etc.).
- Que exerza a prostitución.
- Carencia, falta de acceso ou falsedade da súa documentación.
- Coste excesivo e débeda da viaxe.
- Illamento, descoñecemento do idioma ou dificultades para comunicarse. En ocasións persoas da rede actúan como acompañantes/tradutoras.
- Control alleo en diferentes dimensións de vida (escasez de cartos, vivenda no club, mobilidade controlada, etc.).
- Sinais físicas de maltrato, medo, descoido, consumo de drogas; desaxuste psicolóxico e/ou emocional.
- Comportamentos e respostas estipuladas.

Nesta identificación debemos ter en conta que tamén os/as menores son vítimas deste delito.

É importante que ante calqueira sospeita se consulte cunha entidade especializada. Infórmate con nós!